O PROXECTO

PALCOESCOLA. **Circuíto galego de artes escénicas no ámbito escolar** é un proxecto promovido por Escena Galega co apoio e financiamento das AAPP galegas nos ámbitos local, provincial e autonómico, así como de patrocinio privado.

Nacerá nos meses de **marzo e abril do 2027** como unha **fase 0-proba piloto,** cuxos resultados se avaliarán e contrastarán con todos os axentes participantes, para poñer en marcha de xeito definitivo **unha 1ª edición do mesmo no curso escolar 2027-2028.**

PALCOESCOLA. **Circuíto galego de artes escénicas no ámbito escolar** combinará a **exhibición de espectáculos para público escolar** cun proceso de **mediación cos centros de ensino** e a **programación de actividades arredor das propostas escénicas,** accións dirixidas ao alumnado pero tamén ao profesorado participante.

Nesta fase 0-proba piloto deseñamos unha programación para **8 Concellos, 2 por provincia,** que funcionarán como espazos cabeceira e que acollerán as propostas escénicas tanto para **os centros de ensino do seu Concello como doutros Concellos limítrofes,** nun efecto multiplicador co que se pretende chegar a máis centros e máis alumnado.

Neste momento están **sen confirmar algúns apoios das AAPP,** que agardamos pechar en breve. En caso contrario **afectará á posta en marcha parcial** do proxecto. Os espazos totalmente confirmados nesta altura son:
Auditorio da Casa da Cultura (Vimianzo, A Coruña)
Auditorio da Casa da Cultura (Outes, A Coruña)
Auditorio Municipal Carmen Estévez (Vilalba, Lugo)
Teatro Pastor Díaz (Viveiro, Lugo)
Teatro Municipal Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras, Ourense)

Escena Galega

BASES DE PARTICIPACIÓN

1.- Cada compañía poderá presentar 1 espectáculo. Non se terá en conta a data de estrea do mesmo. Poderán concorrer espectáculos non estreados sempre que se poida achegar información e material abondo para valorar a produción. Será obrigatorio presentar un vídeo completo (vía ligazón) e unha unidade-guía didáctica da proposta. A programación está aberta a espectáculos de compañías/produtoras que operen única e exclusivamente no eido profesional.

2.- A programación de espectáculos contará cunha presenza equilibrada de linguaxes escénicas e formatos, sempre tendo en conta as características das producións que finalmente concorran. Atendendo ao actual marco orzamentario do proxecto a organización marca un límite máximo caché de 3.750,00 € + IVE por espectáculo para 2 funcións no mesmo espazo e no mesmo día, como o asumible en termos económicos.

3.- Sendo un dos obxectivos do proxecto a promoción da lingua galega os espectáculos presentados deberán ser nesta lingua.

4.- En canto aos espazos trabállase cun censo de 8 Concellos no que se aseguran espazos escénicos con dotación técnica. As compañías seleccionadas comprométense á adaptación técnica e espacial das propostas presentadas a estes espazos. Os espazos totalmente confirmados nesta altura son:
Auditorio da Casa da Cultura (Vimianzo, A Coruña)
Auditorio da Casa da Cultura (Outes, A Coruña)
Auditorio Municipal Carmen Estévez (Vilalba, Lugo)
Teatro Pastor Díaz (Viveiro, Lugo)
Teatro Municipal Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras, Ourense)

5.- Os espectáculos serán seleccionados por 1 comisión profesional de persoas expertas do eido educativo, da xestión cultural e da programación escénica especializadas, alleas a Escena Galega. Esta comisión estará formada por 3 persoas máis unha cuarta que actuará como secretario sen voz e sen voto, que fará seguemento do proceso e levantará acta da reunión, á que terán acceso todas as compañías presentadas. O secretario da comisión será o xerente da entidade organizadora: Escena Galega-Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas.

6.- Esta comisión decidirá unha batería de espectáculos, que serán elixidos sen unha orde correlativa e que pasarán a formar parte dun Catálogo de Espectáculos Recomendados. De entre os espectáculos incluídos no catálogo deseñarase a programación definitiva, atendendo a criterios como a diversidade de linguaxes e estéticas, sentido do espectáculo no conxunto da programación ou os valores educativos da proposta. O deseño da programación do circuíto será o resultado dun traballo co-programación entre os Concellos participantes e a organización.

7.- A programación contará con propostas para espazo escénico, excluíndo espectáculos de rúa, dirixidas a todos os ciclos educativos: Educación infantil, Educación primaria, ESO e Bacharelato.

8.- O calendario deste proceso de selección será o seguinte:
Do luns 16 ao domingo 22 de novembro_Prazo de inscrición de espectáculos.
Do mércores 25 de novembro ao xoves 17 de decembro_Traballo da comisión de selección.
Venres 18 de decembro_Anuncio de resolución.

9.- As compañías que resulten seleccionadas comprométense á creación de contidos de comunicación e apoio á difusión do proxecto (imaxes, uso de hashtags), en contacto co equipo de comunicación.

10.- As compañías que resulten seleccionadas comprométense tamén a participar das actividades de acompañamento arredor dos espectáculos (obradoiros, encontros co alumnado…), sempre no mesmo día da representación. O proceso de mediación e as posibles accións de acompañamento previas ás representacións serán levadas a cabo por un equipo de profesionais da mediación. Este equipo poderá solicitar información e apoio para o deseño destas accións ás compañías seleccionadas.

11.- As compañías que resulten seleccionadas comprométense a operar dentro dos marcos que establecen os convenios colectivos vixentes na Comunidade Autónoma, así como calquera outra norma aplicable a nivel autónomico e/ou estatal que salvagarde o correcto funcionamento das dinámicas sectoriais. Este compromiso, no caso das compañías seleccionadas, reflectirase expresamente na relación contractual entre estas e a entidade organizadora.

12.- As compañías que resulten seleccionadas comprométense a dispoñer de datas libres suficientes no marco temporal do proxecto (marzo-abril). As funcións terán lugar en días lectivos e en horario escolar.

13.- A organización reserva o dereito de solicitar ás compañías toda canta documentación e información complementarias sexan necesarias para asegurar que todas as propostas presentadas cumpren co establecido nestas bases de participación, tanto no referente ao propio espectáculo como á actividade da compañía.

14.- A posta en marcha total ou parcial do proxecto dependerá da consecución dos compromisos económicos necesarios por parte das AAPP no nivel autonómico, provincial e local.

15.- Participar neste proceso de selección supón a aceptación destas bases.

16.- LOPD: En virtude do art. 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), e seguindo tamén o Regulamento Europeo de Protección de Datos (RGPD) vixente dende o 25 de maio de 2018, informamos que os seus datos de contacto están a ser tratados coa máxima confidencialidade estando incorporados a un ficheiro de contactos do cal é responsable unicamente a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas-Escena Galega. Se o desexa poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, cancelación ou oposición, remitindo un correo electrónico ao enderezo info@escenagalega.gal